

Patrimonio cultural galego na Real Biblioteca do Escorial. Crónica dun reencontro

Ricardo PICHEL GOTÉRREZ

Universidade de Santiago de Compostela
Instituto da Lingua Galega
ricardo.pichel@usc.es

No intenso marco das *Xornadas Internacionais UCM-UNED 2014. Literatura galega: indentidade, alteridade e exilio*, celebradas por estas datas hai pouco máis dun ano, entre o 18 e o 20 de setembro de 2014, o Centro de Estudos Galegos da Complutense organizou unha visita guiada ao Real Mosteiro de San Lorenzo de El Escorial para todas e todos os participantes no congreso. Para alén do percorrido pola historia e a arte deste espectacular pazo real, basílica, panteón e mosteiro erguido na segunda metade do séc. XVI, tivemos a magnífica oportunidade de contemplar, entre outros códices, tres xoias excepcionais do noso patrimonio cultural: dous

Alén destes tres valiosos códices, puidemos gozar tamén cun dos principais testemuños medievais da materia clásica na Península, a gran *Crónica troyana* de Alfonso XI (ms. h.I.6), rematada de iluminar en 1350 e da que indirectamente derivarían as dúas versións galegas hoxe conservadas (a *Historia troiana* e a *Crónica troiana*). O gozoso reencontro, case contemplativo, con estes monumentos tan valiosos para a nosa historia, lingua e literatura, unicamente foi posíbel grazas a D. José Luis del Valle Merino. Van a el dedicadas estas breves mais efusivas liñas, en agradecemento á súa agarimosa e xenerosa acollida na Real Biblioteca do Escorial.



dos manuscritos máis luxosos que transmiten as *Cantigas de Santa María* (o *Códice Rico*, ms. T.I.1, e o *Códice dos músicos*, ms. b.I.2), compostas e iluminadas no último terzo do séc. XIII, e mais a versión galego-portuguesa máis extensa coñecida da *General estoria* do rei Sabio (ms. O.I.1), traducida para o galego moi probabelmente a mediados do século XIV nas terras coruñesas da Casa de Andrade.





Con D. José Luis del Valle Merino ante o *Códice Rico* das Cantigas de Santa María



Algúns dos participantes nas Xornadas ás portas do Mosteiro do Escorial